



Intervención final da CIG-Ensino

Mesa Sectorial específica sobre FP

A CIG-Ensino leva pedindo unha Mesa específica sobre Formación Profesional desde o inicio de curso, primeiro para abordar a reforma destas ensinanzas e a elaboración do Decreto, que se fixeron sen ningún consenso, e agora para abordar distintos temas que lle preocupan especialmente ao seu profesorado. A continuación enumeramos algún deles, do que tamén ten parte de responsabilidade a Dirección Xeral de Centros e RRHH.

Condicións horarias do profesorado de FP

Como xa indicamos no punto da Xornada semanal docente hai peculiaridades que afectan a este colectivo que teñen que terse en conta á hora de regular o seu horario, adaptándoo ao tipo de centros no que desempeñan o seu traballo (coordinación FCT, titorías FCT, titoría dual, coordinacións, sistema de calidade, duración horaria dos períodos lectivos, asignación horaria lectiva para o Módulo de Proxecto Intermodular...)

Vacantes provisionais de Operacións de Procesos

Neste caso é a DX de Centros e RRHH a que ten enquistada unha situación totalmente anómala e que vai ocasionar de novo múltiples problemas a futuro como xa aconteceu co concurso de méritos no que houbo que convocar dúas prazas desta

especialidade que non existía en Galiza. No CIFP Manuel Antonio estase a pedir unha vacante de Operacións de Procesos de forma provisional o que pode supor, segundo a Lei 20/21 que aos 3 anos haxa que ofertala primeiro a concurso de traslados (sen haber funcionariado de carreira en Galiza desta especialidade) ou ben a oposicións (algo tamén inviábel). A Consellaría ten que resolver dunha vez o problema creado con esta especialidade, dado que o profesorado de Laboratorio dese centro se está vendo moi prexudicado pola súa inacción. É preciso buscar canto antes unha solución a esta problemática que foi xerada pola administración ao non crear a listaxe nin convocar nunca oposicións de Operacións de Procesos, só de Laboratorio, dado que a situación está a punto de xudicializarse. Unha solución podería ser a mesma que se artellou no ano 2008 cando a todas as persoas que aprobaran anteriormente polas especialidades de Procesos de Diagnóstico Clínico e Procesos Sanitarios lles deron as dúas especialidades e puideron optar a concursar e a escoller módulos de ambas respectando iso si a antigüidade no centro e no corpo.

Condicións de traballo nos CFEAs

Este é outro tema no que as dúas DX (RRHH e FP) comparten responsabilidade e que se eterniza no tempo. Solicitamos información sobre a suposta actualización do convenio do ano 1995 que rexe a cesión do persoal de Educación aos centros dependentes de AGACAL e volvemos denunciar que se vulneran os dereitos laborais deste profesorado. No CFEA de Sergude pídese ao profesorado dun ciclo de Dual intensiva que prolongue as clases a parte do alumnado do mesmo até o día 8 de xullo. A sinatura do convenio co Hospital universitaria Rof Codina de Lugo realizouse cunha temporalización totalmente atípica (desde o 12 de febreiro até o 30 de abril) o que desvirtúa totalmente a programación do curso escolar. En calquera caso, este alumnado supera amplamente as 2.000 horas de formación do ciclo formativo polo que non é preciso que continúen coas clases até o 8 de xullo. Pedimos que se respecten desde os CFEA as condicións laborais do persoal docente e o calendario escolar da Consellaría de Educación que fixa a finalización da actividade lectiva en segundo curso dos ciclos formativos o 15 de xuño.

A administración di que non se vai actualizar o convenio con AGACAL, e van trasladar que o profesorado está suxeito ás condicións laborais da Consellaría de Educación

Normativa galega sobre FP dual intensiva

O sindicato leva demandando desde a posta en marcha deste réxime, no ano 2013, unha regulación específica que lle dea garantía xurídica tanto ao profesorado como ao alumnado que participan no mesmo. A CIG-Ensino foi e segue sendo moi crítica con esta modalidade e coa súa xestión por parte da Consellaría, que se desentende do que pasa

durante o período formativo do alumnado e que descarga toda a responsabilidade no equipo docente dos centros.

Lamentablemente o accidente mortal dun alumno do IES Castro da Uz das Pontes nunha empresa de Vilalba demostra a necesidade urxente desta normativa e pon en evidencia todas as eivas que ten este sistema.

A CIG-Ensino foi coñecedora de que nestes intreos hai centros nos que se está a pedir ás persoas titoras da FP dual que indiquen nas actas de xuntanza do equipo docente que RA e CAs se están a impartir nese momento na empresa, algo que é totalmente imposíbel de concretar. Pedimos expresamente que non se presione máis ao profesorado de FP para plasmar en documentos cuestións das que non pode ter certeza. Cómpre destacar tamén o malestar que provocou que este ano tamén se teña que asinar que cada alumno ou alumna adquiriu a formación en prevención de riscos laborais específica de cada módulo antes de acudir á empresa. Dá a sensación de que se quere derivar calquera responsabilidade sobre o que aconteza durante esta estadía ao centro educativo e ao equipo docente cando lle corresponde exclusivamente ás empresas. Por outra banda, o Servizo de Prevención de Riscos Laborais da Consellaría de Educación e a Inspección educativa teñen que ter un maior control do que acontece durante este período formativo das empresas, como si pasa noutro tipo de administracións ou entidades a respecto dos seus usuarios e usuarias.

Oferta formativa de FP para o curso 26/27

Estamos a finais de maio e o único que se sabe sobre a oferta formativa para o vindeiro curso é que a Consellaría enviou unhas instrucións aos centros nas que se intúe que se quere reducir a oferta modular presencial. Agardamos que non se confirmen estas intencións e que se traia a esta Mesa a proposta de oferta, sen ocultar datos de prazas por modalidades e réximes nin de matrícula do alumnado.

Van trasladar toda a información referente a Formación Profesional á directora xeral.

Oposicións de Soldadura

Despois das denuncias formuladas por unha persoa membro do tribunal sobre o acontecido nas oposicións de 2024 desta especialidade agardamos que a Consellaría de Educación tome nota e non permita que persoas que, cando menos, parece que tiveron actitudes machistas durante o procedemento, alén doutras irregularidades, repitan no tribunal seleccionador. A proposta da CIG-Ensino para evitar situacións coma esta pasa porque todos os membros sexan elixidos mediante sorteo e que se garanta a paridade naquelas especialidades masculinizadas para evitar este tipo de comportamentos.

A administración sácalle ferro ao ocorrido.

Censura do profesorado e nos centros educativos

No último mes a CIG-Ensino fíxose eco de dous casos de censura nos centros educativos. No primeiro caso coa modificación dunha ilustración elaborada pola comunidade educativa do IES Castela de Vigo e que gañou o concurso-exposición sobre Begoña Caamaño con motivo das

Letras Galegas deste ano. A Xunta manipulou o traballo gañador dándolle a volta á bandeira galega e eliminando a estrela vermella coa que se identificaba a autora pola súa militancia nacionalista no sindicalismo e na defensa da lingua. Esta obsesión por controlar até a ideoloxía das persoas homenaxeadas polas nosas Letras é totalmente enfermiza, como o é a persecución á que quere someter a Consellaría ao profesorado galego. No caso do IES de Melide a inspección educativa ordenou retirar un cartaz no que se informaba das consecuencias dos recortes neste centro educativo das redes sociais primeiro e dos corredores despois. A Consellaría de Educación debería traballar por solventar as necesidades dos centros e dotalos do que necesitan en lugar de, como neste caso, recortarlle 4 docentes. Pedimos que se deixe de perseguir e de amedrentar ao profesorado que ten dereito a informar da realidade dos centros á comunidade educativa e á sociedade en xeral.

A administración desvía o tema cara a que segundo eles non existen recortes no centro, sen entrar na censura levada a cabo.

Protocolo de acoso para o persoal docente

A Xunta de Galiza vén de manobrar para que o seu Protocolo de actuación fronte ao acoso e as violencias sexuais e psicolóxicas no traballo non sexa de aplicación ao persoal docente, excluíndoo expresamente do seu ámbito de actuación. Esta estratexia responde claramente a un intento de evitar as condenas que está tendo a Consellaría de Educación a nivel xudicial por demandas de profesorado que, ante a inexistencia dun protocolo propio, ven como se vulneran os seus dereitos ao non ter un amparo administrativo cando se atopan neste tipo de situacións. Esiximos que se negocie canto antes o Protocolo específico para o ámbito da administración educativa galega que leva incumprindo a normativa de igualdade durante moitos anos e que o profesorado poida contar con esta ferramenta imprescindíbel para defenderse ante situacións de extrema gravidade.

Pendientes dunha última revisión do protocolo de acoso do persoal docente para poder publicalo canto antes.

Problemas coas correccións das avaliacións diagnóstico

Estannos chegando por parte do profesorado que corraxiu as probas de avaliación de diagnóstico en liña moitas queixas ao solicitarlles agora que fagan de novo as correccións por escrito. Solicitamos información sobre que está ocorrendo e reclamamos unha solución que non pase por duplicar o tempo e o traballo que o persoal docente xa dedicou a esta tarefa.

Segundo a Consellaría non se duplica o traballo, simplemente hai correccións que non se poden facer dixitalmente porque non foron subidas as probas correctamente.

Prazas Convenio e Formación

Case seguro non van convocar as prazas de convenio as da rede de CAFI e Formación pensan que van ser prorrogadas.

OS NOSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)
Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA
Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO
Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO
Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL
Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO
Ronda da Muralla 58, 2º Andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 253 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE
Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA
Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA
Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI
Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO
Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS
Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal